

ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A VALORACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DA OPOSICIÓN (PROBA TEÓRICA) PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PROFESOR/A DE GUITARRA, 1 PROFESOR/A DE CLARINETE E UN PROFESOR/A DE ACORDEÓN PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE MELIDE, MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO).

En Melide, a 15 de setembro de 2021, sendo as 10 horas, reúnense baixo a presidencia de María de la Paz Pita Vázquez os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constitúe para valorar o primeiro exercicio da fase de oposición dos aspirantes para cubrir 1 PROFESOR/A DE GUITARRA, 1 PROFESOR/A DE CLARINETE E UN PROFESOR/A DE ACORDEÓN PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE MELIDE, MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA.

Presidenta: María de la Paz Pita Vázquez
Secretario: Nilo Jesús García Armas
Vogais: María Cruz Andrade García
M^a Teresa Buján Mosquera
Joaquín Vázquez Rodríguez

Sendo as 10:15 horas iníciase o primeiro exercicio o aspirante de guitarra Miguel Carbaño Martínez. A Comisión seleccionadora á vista das bases da convocatoria considera suficiente coa exposición efectuada e as aclaracións feitas polo propio aspirante.

PUNTUACIÓN GUITARRA MIGUEL CARBAÑO MARTÍNEZ:

Contido da Unidade didáctica: 4
Exposición e respostas ás preguntas do Tribunal: 4
Total: 8

Sendo as 10:40 horas iníciase o primeiro exercicio o aspirante de guitarra Manuel Fandiño Prado. A Comisión seleccionadora á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación despois de formular a presidenta do tribunal dona María de la Paz Pita Vázquez a seguinte pregunta: En que momento do curso? Primer trimestre inicio de outubro. Alguna actividade específica para contextualizar o barroco. Aínda non han dado historia pero si han tocado barroco. Sería unha introdución, un preámbulo para técnica de adorno.

PUNTUACIÓN GUITARRA MANUEL FANDIÑO PRADO

Contido da Unidade didáctica: 3
Exposición e respostas ás preguntas do Tribunal: 3
Total: 6

Sendo as 10:55 horas iníciase o primeiro exercicio o aspirante de CLARINETE Saúl Liñares Pereira. A Comisión seleccionadora á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación despois de formular o secretario do tribunal don Nilo Jesús García Armas: proposta para un alumno de 8 anos que acaba de chegar ao conservatorio para facer a respiración. Contesta: como se estiveran bostezando. Pregunta: E exercicios? Papel de fumar na parede. Algo máis? Non.

PUNTUACIÓN CLARINETE Saúl Liñares Pereira:

Contido da Unidade didáctica: 2
Exposición e respostas ás preguntas do Tribunal: 2
Total: 4

Sendo as 11:01 horas inícia o primeiro exercicio o aspirante de **CLARINTE David Nogueira Balseiros**. A Comisión seleccionadora á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación despois de formular o secretario do tribunal don Nilo Jesús García Armas a seguinte pregunta: ALUMNO CON BRAKETS E EXERCICIO DE FLEXIBILIFADE. Contesta: a caída dos dentes e brakets para que non se frueste que é algo temporal e non sinta aversión ao clarinete. cambiar a embocadura, o material a caña mais dura ou mais blanda para evitar o dolor nos dentes. se lle caen 2 dentes esperar . flexibilidade: ter un aifnador se son mais adultos ,variar o sonido (fai un suposto práctico coa boquilla) armónicos para expandir a garganta.

PUNTUACIÓN CLARINTE David Nogueira Balseiros:

Contido da Unidade didáctica:4

Exposición e respostas ás preguntas do Tribunal: 3

Total: 7

Sendo as 11:16 horas inícia o primeiro exercicio o aspirante de **ACORDEÓN Noelia González López** A Comisión seleccionadora á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación despois de formular a presidenta do tribunal dona María de la Paz Pita Vázquez a seguinte pregunta: Se era o primeiro achegamento consciente que tiffan a este contido: Si porque non primeiro curso aínda non se traballa este contido. no primeiro curso cofecemento do instrumento, logo a posición . e o manexo do fol e aprender as notas . esto é o que se aprendería no primeiro curso.

PUNTUACIÓN CLARINTE ACORDEÓN Noelia González López:

Contido da Unidade didáctica:4

Exposición e respostas ás preguntas do Tribunal: 4

Total: 8

A comisión seleccionadora á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación respecto ao primeiro exercicio (PROBA TEÓRICA):

PUNTUACIÓN DE GUITARRA	1º EXERCICIO FASE OPOSICIÓN: EXPOSICIÓN E DEFENSA DA UNIDADE DIDÁCTICA
MIGUEL CARBAJO MARTÍNEZ	8
MANUEL FANDIÑO PRADO	6

PUNTUACIÓN DE CLARINETE	1º EXERCICIO FASE OPOSICIÓN: EXPOSICIÓN E DEFENSA DA UNIDADE DIDÁCTICA
SAÚL LINARES PEREIRA	4*
DAVID NOGUEIRA BALSEIROS	7

* Segundo o disposto na Base 6.1 relativo ao primeiro exercicio da fase de oposición, para superar a proba teórica será necesario acadar un mínimo de 5 puntos, sendo esta proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, polo que o dito aspirante queda eliminado do proceso selectivo.

PUNTUACIÓN DE ACORDEÓN	1º EXERCICIO FASE OPOSICIÓN: EXPOSICIÓN E DEFENSA DA UNIDADE DIDÁCTICA
NOELIA GONZÁLEZ LÓPEZ	8

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, convócase á comisión seleccionadora e aos aspirantes enriba citados e que acadaron a puntuación mínima de 5 puntos, **ás 10:00 horas do día 16.09.2021 na Casa da Cultura do Concello de Melide, para a realización do 2º exercicio da fase de oposición, (proba instrumental).** A actuación dos aspirantes iníciase coa proba de guitarra continuando coa de acordeón e finalmente realízase a proba de clarinete, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros da comisión seleccionadora sendo as 11:50 horas, do que eu, **SECRETARIO**, certifico.

Melide, 15 de setembro de 2021

A comisión seleccionadora.

